

A presente **crise económica** desde unha perspectiva crítica



Unha mirada á historia do capitalismo permítenos, nunha primeira observación, coñecer como a súa evolución diseña condicións de crecemento económico desiguais, asimétricas e/ou diversas para os diferentes países, sectores e subsectores económicos e os diversos estratos de clase traballadora.

É nos comezos do século XXI, en plena carreira de crecemento acelerado, cando case de súpeto se nos torna evidente o estourido da crise presente que -sabemos- mudará para peor as condicións de vida e benestar do conxunto da clase traballadora.

MARÍA DO CARME GARCÍA NEGRO
Doutora en Ciencias Económicas e Empresariais. Profesora titular no Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela. Directora do Grupo de Investigación de Economía Pesqueira e Recursos Naturais e Directora do Máster en Economía Pesqueira



Mobilización da CIG o 8 de marzo de 2009, día da Muller traballadora, diante dun hipermercado. A crise cébase coas clases populares e dentro delas, especialmente coas mulleres ás que a patronal aproveita para precarizar máis aínda as súas condicións de traballo

Se o principal problema actual consiste en recoñecermos, identificarmos e crearmos posicións de defensa ante a crise presente, pode ser útil comezar por colocarmos unha análise da natureza e síntomas da presente crise.

A CRISE. Trátase dunha crise do sistema: é –como as anteriores– unha crise propia do capitalismo. Dito doutra forma, o capitalismo é un sistema económico do que podemos destacar entre as súas características estruturais o feito de se desenvolver de forma cíclica, de xeito que os períodos de auxe económico conducen a un *boom* que se ve continuado por outros períodos de achatamento até desembocar nunha caída: caída das vendas, caída da produción, caída dos investimentos, aumento do desemprego, caída do consumo, caída do aforro e dos investimentos e, polo tanto, recesión. Esta secuencia de elementos –non necesariamente nesa orde– conforma o conxunto de síntomas de calquera crise e se, como na presente, para chegarmos ao plano da economía real debemos comezar por comprendermos o papel desempeñado pola parte financeira da economía, non facemos máis do que agrandarmos o tamaño da fonte dos problemas.

A posibilidade das crises desde a orixe do capitalismo fundamentouse nas mesmas leis de funcionamento: basta con que os vendedores de mercadorías non atoparen clientes con capacidade de pagamento para se

producir unha crise de sobreprodución. O crédito é á vez un instrumento de achegamento entre un vendedor e un comprador e tamén unha fonte de crise: dependendo de que momento do ciclo examinamos, pode ser favorábel á separación económica e á creación de quebras económicas coa conseguinte caída da produción e aumento do desemprego.

No capitalismo actual predomina o capital financeiro, ou dito doutra forma: a natureza do capital nesta etapa é financeira, ao adquiriren todas as formas do capital unha natureza financeira no seu propio desenvolvemento. Non hai, xa que logo, ningunha forma de capital libre de se desenvolver segundo a racionalidade (e/ou *irracionalidade caótica*) do mercado financeiro.

O capitalismo do tempo actual é mundial: mundial é a produción, mundial o comercio de bens (mercadorías e servizos) e mundial tamén as relacións financeiras. Ademais, é un característico do desenvolvemento do capitalismo contemporáneo ese protagonismo exhibicionista e esmagador do mercado financeiro global. No escenario da economía mundial, o protagonismo das relacións financeiras –agora xa desvinculadas da súa función de financiamento dos investimentos e dos restantes gastos da economía real– como mercado do diñeiro polo diñeiro, sen control público mundial de ningún tipo, arrombaron como unha onda xigante (estivo ben o precedente do Katrina do ano 2005 e a crise asiática do '97) con toda a economía real por diante. *Quen prevía que a GM podería estar seriamente comprometida por culpa das subprime?*

O comezo deste proceso podemos datalo nos anos 70, xusto no momento en que os problemas da crise –daquela crise– exixían toda a atención e dedicación para solucionar a grave crise industrial. Mudárase o modelo de acumulación e xunto con outros moitos acontecementos, o máis relevante para o noso caso actual deuse no pla-

no das relacións monetarias internacionais. O día 15 de agosto de 1971, Nixon declarou unilateralmente, e violando as normas do FMI, a non convertibilidade do dólar en ouro. Entre outras consecuencias, este feito supuxo a desaparición do Sistema Monetario Internacional, o abandono *de facto* de toda norma e control público no mercado internacional do conxunto de Estados que tiñan o peso máis relevante na economía mundial capitalista e o paso, polo tanto, a un réxime monetario e financeiro mundial privado. O carácter non público, nin suxeito á autoridade mundial, constitúe non só unha das características máis destacadas deste novo réxime financeiro, senón que tamén é a fonte máis grande de vulnerabilidade, inestabilidade, risco e mesmo catástrofes. Vulnerábel porque a súa debilidade é tan grande como o é o tamaño alcanzado polas relacións financeiras: dado que no mercado financeiro global se vende todo tipo de produtos (antigos coñecidos, novos e descoñecidos, e a mestura de todos eles), basta que prender a chama da insolvencia e/ou de caída do lucro nun só deles para contaminar o resto. Así aconteceu nos anos 80 coa crise de débeda dos grandes países latinoamericanos. A súa débeda era en divisas a entidades financeiras privadas con taxas de interese e condicións libres en relación aos empréstitos do FMI, mais acadara tal tamaño que supoñía para os debedores unha verdadeira hipoteca de toda a produción nacional. Non eran os maiores debedores, xa que o primeiro posto correspondía –e segue a corresponder– á débeda dos EUA, mais si eran os maiores endebedados da periferia e significaba en relación ao PNB de México, Brasil, Arxentina, Chile, Bolivia, Costa Rica...entre 50% e 120% do seu PNB. A manifestación de vulnerabilidade deste réxime financeiro privado deuse no momento en que México declarou en 1982 a imposibilidade de facer fronte ao servizo da débeda. Nese momento, espállase o pánico entre os acredores, temendo que

os debedores foren seguir o exemplo de non cumpriren co pagamento. O verdadeiro problema para os países capitalistas da parte central da economía mundial viña dado pola caída de confianza no funcionamento financeiro mundial e non polo tamaño da débeda, nin pola onda de pobreza e marginalidade subsecuente nos países debedores coa economía paralizada. Por esta razón, cando se atopan solucións, sono para os prestamistas, para as entidades financeiras privadas. Os prestameiros adaptaron as súas economías ás solucións de menor pagamento e maior prazo que, finalmente, a finais da década dos 80, se produciron en forma de planos individualizados segundo cada país. No entanto, neste camiño ficou posto de manifesto a inestabilidade do novo réxime financeiro mundial. É tremendamente propagador de vulnerabilidade porque arrastra á caída, á pobreza e á marginalidade conxuntos de traballadores antes integrados nunha economía cun crecemento económico. A vulnerabilidade do sistema propiciada polo réxime financeiro non se manifesta só en datos como son o valor en bolsa da sociedades cotizadas: o asombro dunha caída de valor ao 50% (en marzo de 2009 as sociedades españolas que cotizan en bolsa valen a metade do que en 2008), senón o significado que este dato ten para o conxunto dos traballadores. Estes non teñen ningunha posibilidade de intervención, nin de solucións para a caída de produción, o desinvestimento, o aumento de deslocalización, o desemprego e o empobrecemento. Mesmo os segmentos sociais das denominadas clases medias que vincularon os seus aforros aos vaivéns da bolsa sofren un empobrecemento relativo.

A súa natureza privada, sen autoridade pública ningunha, sen ningunha norma máis que a de perseguir o máximo lucro que rexe nos negocios privados, convertía calquera novo negocio financeiro mundial nun depósito de inestabilidade, xa que o grao de desenvolvemento económico e de

O capitalismo do tempo actual é mundial: mundial é a produción, mundial o comercio de bens (mercadorías e servizos) e mundial tamén as relacións financeiras



O capitalismo integrou a “crise” no seu marketing e no deseño das súas campañas publicitarias

sensatez no negocio extraterritorial de todos os intervinentes do mundo, é moi disímil. Non existe homoxeneidade entre a estrutura económica e as súas institucións dos vellos países capitalistas titulares de moedas fortes e a economía dos novos países industrializados, emerxentes ou mesmo tigres asiáticos (fixémonos na identificación co felino e o que nos recorda: forte, fero, musculoso, veloz, depredador, avisado, dominante...). A extensión das relacións financeiras abranguendo todos eles (todos capaces de compraren e venderen diñeiro) elevou en termos exponenciais o risco e a inestabilidade. Así ficou de manifesto noutro episodio da crise financeira precursora da presente: a de 1997 en Tailandia. O impacto fíxose sentir fortemente en todo o sueste asiático e no Xapón, mais nin Europa, nin os EUA viron afectadas as súas economías. Porén, as leccións que daquela se podían ter tirado caeron totalmente en saco roto. Foi preciso

agardar unha crise orixinada no interior da economía americana, e rapidamente propagada por todo o mundo, para se tomar en conta a debilidade do mercado financeiro mundial. Debilidade agora manifestada en que, unha vez prendida a chama de *insolvenza*, o incendio se propaga de forma rápida, segura, sen control nin bombeiros. Vexamos. No Sistema Monetario Internacional que rexía o FMI existía unha correspondencia entre o peso relativo de economía dos membros do Fondo no conxunto de integrantes do mesmo. As relacións financeiras, en tanto que monetarias, rexíanse por regras asumidas por todos os pertencentes ao Fondo, e a posibilidade do negocio do diñeiro polo diñeiro non era coñecido na súa dimensión autónoma de economía real. No presente existe un mercado financeiro mundial, autónomo, extraterritorial onde se compra e vende diñeiro sobre diñeiro en cantidades non imaxinábeis, en forma de ‘produtos’ financeiros de terceira, cuarta ou quinta xeración que perderon calquera relación e sentido desde a perspectiva de financiar o crecemento económico real, sendo suxeito ademais á clasificación da categoría financeira de sociedades clasificadas privadas que forman parte de forma amoral –ou cando menos non sensata– do negocio.

Por iso, é tan doado para nós asumirmos sen sorpresa o nacemento e evolución da crise actual. Calquera episodio, mesmo con aparente pequena importancia, pode –e así foi– constituír un combustíbel para un lume en espera. As chamadas hipotecas *subprime* teñen nesta ocasión a honra de seren o detonante da presente crise. Un suposto eixe no cálculo de tendencia de evolución dos prezos dos bens inmobiliarios e a imprevisión de concesión de empréstitos con menor garantía da sensata foron suficientes para levaren ao traste unha boa época de crecemento económico real e de supercrecemento financeiro no mercado mundial. Como é sabido, é imposible

controlar despois de desbocado o tropel das finanzas e é tamén sabido que é tremendamente difícil separar os produtos financeiros bos (solventes) dos malos (contaminados de insolvencia e/ou exclusivamente especulativos), polo que o padecemento da economía real é seguro. Unha vez iniciado o proceso de caída da confianza e da capacidade solvente de execución das vendas no mercado financeiro, o parón do crédito e do funcionamento da súa corrente financeira á economía real é un *continuum*. E unha vez que se produce o parón ao crecemento, mesmo até chegar á recesión, é difícil e longo o proceso de recuperación que –ademais– vai supor fondas modificacións, tanto na esfera produtiva como na financeira e na institucional.

O PAPEL DO ESTADO. O conxunto de medidas adoptadas polo goberno español pretenden paliar os efectos da crise actual. Os obxectivos declarados consisten, por unha parte, en impedir o derrubamento do sistema financeiro español e con el a desfeita de toda a economía e, por outra, impedir que os efectos da caída de actividade económica, a través do desemprego, signifiquen un maior afundimento de demanda efectiva. Así, os apoios directos a través de dispoñibilidade financeira pública, aos intermediarios financeiros –nomeadamente á banca– deberían cubrir o obxectivo de bombear do novo crédito. Non obstante, só serviron para efectuaren limpeza dos sucios/ocultos paquetes de activos, novos e novísimos produtos financeiros, cun significado empresarial do máximo avance na participación no pastel global dos hiperbeneficios. Beneficios que, polo que se viu, eran efervescentes e, ao primeiro vendaval con algo de choiva, disolvéronse, arrastrando na súa desfeita unha boa parte do negocio financeiro sucio e limpo (risco elevado, risco elevadísimo e negocio de intermediación financeira seguro). Desta forma, mentres se limpaban os fondos, non hai activos financeiros de concesión crediticia en li-

ñas directamente vinculadas á actividade produtiva real. O Estado, grazas a non ser titular dun ben público e a non regulamentar en disposicións legais acaídas á disposición de fondos públicos para destinos predeterminados, acaba converténdose en axente de socialización das perdas e dos desastres da banca. É dicir, con fondos públicos (e en parte con débeda pública) financiamos e corriximos a alegre/temeraria xestión das finanzas privadas. Mais, á súa vez, o sistema non funciona sen que a corrente xenerosa de crédito financie as actividades dos sectores agrario, industrial e de servizos de actividades produtivas. Nesta disxuntiva, o goberno fica á espera de que o só paso do tempo e/ou o arrastre que produza o crecemento comezado nas economías cabeza do sistema capitalista o puideren levar a cabo. Que faltou? En primeiro lugar, parece que luz na diagnose; en segundo lugar, deseño de estratexia propia; e en terceiro lugar, sentido do público para actuar en defensa dos intereses dunha economía por riba e a pesar dos intereses do poder fáctico financeiro. Neste caso, calquera comparación coas políticas levadas a cabo por outros gobernos só serve se a comparación parte da identificación entre necesidades e solucións. Quer dicir, unha medida de política económica é boa nun determinado país se resolve o problema que ese país ten, mais pode ser nefasta noutro. Na curación dos males do capitalismo, pasa do mesmo xeito que cos enfermos crónicos: uns curan con medicinas de quimiofarmacia, e outros vailles ben só co ioga. Depende do enfermo. Non é, polo tanto, ningunha proba de consistencia ver e admirar o que outros gobernos doutros Estados deciden. Toda a economía é capitalista e é mundial. A globalización abrangue todas, mais a estrutura de cada unha e a forma do Estado de cada unha é singular. Por esta razón, reclamamos a necesidade de se axear a intervención pública do Estado español ás necesidades dunha economía que viña tendo uns índices elevados

O Estado, grazas a non ser titular dun ben público e a non regulamentar en disposicións legais acaídas, acaba converténdose en axente de socialización das perdas e dos desastres da banca



Día da clase obreira galega do 2009, campaña contra o recorte das prestacións sociais

de crecemento económico mais terriblemente dependente do crédito a curto e medio prazo. O feito de pór á disposición do sistema financeiro español novas dispoñibilidades debeuse facer sempre baixo o control dos destinos e cunha salvagarda para reequilibrar as actividades da economía real. Aquí se manifesta nitidamente como elemento decisivo da recuperación de actividade económica o papel do Estado. O resultado final da acción pública poderá ser o saneamento do sistema financeiro privado español, mais cos mesmos fondos e destino comprometidos podería incentivar menos os peches e o desemprego.

A outra vertente do conxunto de medidas económicas adoptadas, con boa presentabilidade, non cuestionábeis, consistiu en promover o aumento de prestacións para seren destinadas aos ingresos dos desempregados en todas as modalidades. Medidas incuestionábeis, porque sería un descaro non paliar os efectos do desemprego, da caída de actividade ou do non emprego.

Mais tamén sería un grande problema que a desfeita financeira se sumar á caída brusca e irrecuperábel da demanda efectiva. A caída de consumo viría a se sumar ás desgrazas que a falta de demanda manifestara entre as industrias. E á caída de demanda exterior non se debería permitir que se engadir a unha brusca caída da interior.

De novo aquí, e grazas ao adelgazamento sufrido por un Estado tra-

vestido de madurez europea, ficou sen un instrumento máis de capacidade de acción. De existiren empresas públicas en sectores chave da economía, a acción directa sostería unha parte da actividade económica básica (pensemos, por exemplo, no transporte público ou no sector enerxético público). Como non hai nin capacidade de acción regulamentadora, podemos ficar ao vaivén do vento alemán, francés, italiano ou americano, nas grandes empresas que conforman unha importante parte do tecido produtivo básico. Aínda así, nunha época de crise pódense crear instrumentos de política económica de intervención por necesidades da conxuntura. E tampouco se fixo.

E finalmente, nas disposicións orzamentarias pódense deseñar novos investimentos que signifiquen un tirón e un arrastre conseguinte de actividade económica real. E mesmo crear novas capacidades con cargo á débeda, esta vez si para financiaren actividades directa/indirectamente produtivas. Tampouco se fixo.

Neste esquema de razoamento só cabe pensar que a proposta da oposición española de aforrar, non gastar, austeridade e adelgazamento do público é xusto o contrario do que precisa a economía española que, se ben é certo que precisaría dunha reforma e adecuación ao tempo actual da administración pública, agora non é o momento de adelgazar. E adelgazar non é igual que capacitar. Facer adelgazar un tecido tuberculoso condúceo á morte e non á recuperación. Precisamente o que permite ao Reino Unido, Francia e Alemaña contaren co aparato público para servir de alzaprema para a creación de crecemento económico é a robustez do Estado, e non o seu carácter de firulete.

En resumo, a actuación do Estado debería contemplar medidas excepcionais non só para paliaren os efectos da crise, senón para se converteren nun elemento activo da mudanza de tendencia ■